

Concello de Cerdido

(A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA TRINTA E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL DOCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás once horas e quince minutos minutos da mañá do día vinte e catro de setembro de dous mil doce, reúnese en primeira convocatoria os seguintes concelleiros: Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago, Álvaro Rodríguez Graña, Roberto Oscar López López, baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como Alcaldesa. Actúa de Secretaria, Paula Díaz Tie. De seguido trátanse os seguintes asuntos da orde do día:

1 APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DO PLENO DO DÍA VINTE E CATRO DE SETEMBRO DE 2012. Os membros do pleno por unanimidade aprobaron a acta anterior.

2 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL. Despois da lectura da proposta da alcaldía que se reproduce a continuación: Co gallo de mellorar a redacción do artigo 6 A da ordenanza reguladora da taxa por prestación do servizo de piscina municipal e adecuar a duración do curso ou actividade na piscina a duración actual polo que esta alcaldía propón a adopción deste acordo:Primeiro: Modificar o artigo 6. A da ordenanza ordenanza reguladora da taxa polo servizo de piscina municipal que queda redactado do seguinte xeito:

A. Piscina climatizada

CONCEPTO	IMPORTE
Baño libre:	3 euros / quenda
Bono 10 sesións	20 euros /quenda
Carne de socio infantil: de natación 2 quendas á semana.	
a.- Un membro infantil	15 euros / mes
b.- Dous membros infantil	20 euros / mes
c.- Tres membros infantil	20 euros / mes
d.- Catro ou mais membros infantil	25 euros / mes
Carne de socio adulto: Curso de natación 2 quendas á semana	25 euros/ mes
a.- Un membro adulto	35 euros / mes
b.- Dous membros adultos	45 euros / mes
c.- Tres o máis membros adultos	
Cursos de natación infantil: 1quenda á semana	8 euros / mes
Cursos de natación adulto: 1 quenda á semana	15 euros / mes

O servizos deportivos do concello determinan a duración da quenda en función do número de usuarios, idade, nivel..

Os membros do pleno, en votación ordinaria e por maioría dos presentes aprobaron a proposta anterior. Cinco votos a favor dos concelleiros, Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro e o voto da Sra. Alcaldesa. Tres votos en contra dos concelleiros Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago, Álvaro Rodríguez Graña. Unha abstención do concelleiro Roberto Oscar López López.


A alcaldesa afirma que esta modificación se debe a que no anterior texto aparece que a duración dos cursos é unha hora, cando na realidade á duración das quendas son de tres cartos de hora.

O concelleiro Benigno Galego Castro expón que non cree adecuado que sexan os servizos deportivos do concellos os que deben establecer o horario e sería máis preciso que se establecera no texto da ordenanza a duración exacta de cada quenda

3 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ABASTECIMIENTO DE AUGA. Tras a lectura da proposta da alcaldía que se reproduce a continuación: Ó abeiro do establecido nos artigos 49.c da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 17.3 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo: **Primeiro:** En cumprimento do disposto no artigo 15.2 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co previsto no artigo 17. da mesma, acordase provisionalmente modificar o Artigo 5º. Base imponible e tipo de gravame da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga nos termos que figuran no anexo deste acordo. **Segundo:** De conformidade co disposto no artigo 17.1 a que se refire o punto 1º anterior, o presente acordo provisional, así como a Ordenanza fiscal anexa ó mesmo, exporase ó público no taboleiro de anuncios deste concello durante o prazo de trinta días, contados a partir do seguinte día da publicación do anuncio no BOP, co gallo de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. ANEXO. Nova redacción do parágrafo segundo do artigo 5. da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga. Artigo 5 Base imponible e tipo de gravame. Parágrafo segundo: Establecese unha cota mínima para todos os usuarios de 25 euros ó ano, cota que se lle unirá a cota por consumo. Cerdido, 16 de outubro de 2012. A alcaldesa. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior.** Cinco votos a favor dos concelleiros, Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro e o voto da Sra. Alcaldesa. Tres votos en contra dos concelleiros Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago, Álvaro Rodríguez Graña. Unha abstención do concelleiro Roberto Oscar López López.

A alcaldesa explica que a modificación da cota mínima realízase para poder cubrir os custos de mantemento da rede de abastecemento de auga, aínda que con esta subida non se chega a cubrir a totalidade dos gastos necesarios para manter este servizo.

O concelleiro Benigno Galego Castro afirma que a esta subida haille que engadir o canon da auga da Xunta de Galicia polo que a porcentaxe da subida ronda o 150%. Engade que lle parece moito o custo da empresa externa, xa que no tempo que se fai



Concello de Cerdido

(A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.es

con persoal propio os custes son moito menores. Propón que os investimentos se realicen aos lugares onde os veciños queren a auga así como que intente reducir o consumo de enerxía eléctrica e que se leve máis control sobre o consumo de auga nas vivendas, xa que hai veciños que están consumindo auga e non se lles pasa o recibo e cando queren pagalo, acumulándoseles débedas de moito tempo.

4. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO.

Tras a lectura da proposta da alcaldía que se reproduce a continuación: Ó abeiro do establecido nos artigos 49.c da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 17.3 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: En cumprimento do disposto no artigo 15.2 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co previsto no artigo 17. da mesma,

acordase provisionalmente modificar o Artigo 6º. Cota tributaria, da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Recollida de Lixo, nos termos que se establecen na Ordenanza fiscal anexa.

Segundo: De conformidade co disposto no artigo 17.1 a que se refire o punto 1º anterior, o presente acordo provisional, así como a Ordenanza fiscal anexa ó mesmo, exporase ó público no taboleiro de anuncios deste concello durante o prazo de trinta días, contados a partir do seguinte día da publicación do anuncio no BOP, co gallo de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

ANEXO. Nova redacción do artigo 6 cota tributaria. Artigo 6º. Cota tributaria. De conformidade co previsto no artigo 62.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establecer:

1.- A cota tributaria consistirá en unha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles e da categoría do lugar, praza, rúa ou vía pública onde estean ubicados aqueles.

2.- A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa: Conceptos.- Categoría única.- Epígrafe 1º.- Vivendas. Por cada vivenda. 50,00 €. (Enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamentos que non excedan de dez prazas).

Epígrafe 2º.- Establecementos turísticos. Hoteis, Hostais, Casas rurais, Pensións, Restaurantes con locais superiores a 120 metros cadrados, 150.00 €.

Epígrafe 3º.- Establecementos comerciais e mercantís con uso diferente a vivenda con locais superiores a 120 metros cadrados e bares sen comedor. 90,00 €.

Epígrafe 4º: Outros establecementos comerciais e mercantís con uso diferente a vivenda e cunha superficie menor a 120 metros cadrados. 70,00 €.

As cotas sinaladas na tarifa, teñen carácter irredutible e corresponden a doce meses. Cerdido, 16 de outubro de 2012. A alcaldesa Ana Rodríguez Montero. Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior. Cinco votos a favor dos concelleiros, Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro e o voto da Sra. Alcaldesa. Tres votos en contra dos concelleiros Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago, Álvaro Rodríguez Graña. Unha abstención do concelleiros Roberto Oscar López López.

A alcaldesa explica que hai moitos anos que non se incrementa o prezo deste servizo e que o prezo que se paga en Cerdido e moi inferior que noutros Concellos da volta.


O concelleiro Benigno Galego Castro explica que na campaña electoral dicíase que os demais partidos políticos eramos os que queríamos subir os impostos. Entende que estas medidas deben ir acompañadas de campañas de concienciación sobre a reciclaxe, na zona rural. Noutros Concellos fan estas campañas, regalando distintos cubos de lixo e poñen máis contedores de vidro ou plásticos, mais preto de todas as casas. O Concello de Cerdido é o único que paga por recoller o papel, porque non se quere falar con outros concellos veciños para realizar unha recollida conxunta. Engade que non lle parece ben que se inclúa como gastos que financian esta taxa, a limpeza dos contedores porque os veciños son os que a realizan.

A alcaldesa afirma que xa se fixeron campañas de concienciación, repartindo os composteiros entre os veciños, con charlas sobre a reciclaxe no colexio e repartindo folletos polas casas.

5 EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A XESTIÓN DA CASA DE TURISMO RURAL, FINCA CABANEIRO. Tras a lectura da proposta da alcaldía do tenor literal seguinte: A existencia no patrimonio municipal dun establecemento adicado a turismo rural fai necesario abrir un procedemento para que calquera persoa con capacidade e solvencia financeira e técnica poida xestión este aloxamento turístico e tendo en conta o proxecto de explotación realizado por D. José Pérez Abadín Barro, xerente da Fundación Comarca do Ortegal e o acordo do Pleno do Concello de data 9/4/2007 como antecedentes do contrato. e posto que, é necesario proceder á contratación da xestión indirecta do servizo público da casa de turismo rural finca Cabaneiro con empresa externa especializada en prestacións análogas ás que constitúen este servizo, mediante concesión, debido a que este Concello non conta con medios técnicos ni persoais necesarios para levar a cabo a xestión e considerando como lexislación aplicable a Disposición Adicional segunda e o artigo 110 do real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), á Alcaldía, propón o Pleno como órgano de contratación a aprobación do seguinte acordo: **PRIMEIRO.-** Aprobar o contido íntegro do expediente de Xestión indirecta da casa de turismo rural finca o Cabaneiro, no lugar de Viladóniga na parroquia de Cerdido onde figura entre outra documentación, os pregos de condicións técnicas e administrativas que rexen este contrato nos que se establece - Prazo de execución: 4 anos con posibilidade de prórroga de dous anos máis. Prezo: 5.000,00 € / anual **SEGUNDO.-** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación coa publicación nun anuncio no Boletín Oficial da Provincia A alcaldesa. Ana Rodríguez Montero. **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A XESTIÓN DA CASA DE TURISMO SITA NA FINCA DO CABANEIRO.**

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación

É obxecto deste contrato administrativo a concesión administrativa para a xestión da casa do Cabaneiro, para dedicala a turismo rural con servizo de, aló menos, aloxamento e almuerzo durante polo menos once meses ó ano, sendo obrigatorios os meses de xuño,



Concello de Cerdido

(A Coruña)


Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.es

xullo, agosto e setembro, de conformidade ó establecido no Decreto 267/1999, de 30 de setembro polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros e o Decreto 191/2004, de 29 de xullo, de establecementos de turismo rural e demais normativa aplicable. O obxecto contractual é unha materia incluída no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local; ó citarse como competencia do concello as actividades e instalacións culturais, deportivas: ocupación do tempo libre: turismo. A Clasificación estatística de produtos por actividades (C.P.A. -2002) é de 55.23.1A explotación do servizo realizarase mediante a modalidade de concesión pola que o empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura. O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de xestión de servizos públicos tal e como establece o artigo 8 do Real Decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, en adiante TRLCSP. A Necesidade administrativa a satisfacer mediante o presente contrato é de ofertar servizos e instalacións que fomenten o turismo do concello, respectuoso co medio rural e co natureza do entorno, dando a coñecer os valores naturais e culturais da zona . **CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación.** A forma de adxudicación do contrato de xestión do servizo público de xestión dá casa de turismo rural mediante a modalidade de concesión, será o procedemento aberto e tramitación ordinario. Publicarase o procedemento no Boletín Oficial da Provincia e no perfil do contratista. **CLÁUSULA TERCEIRA. Tipo de licitación .** O tipo mínimo de canon global anual a satisfacer ao Concello por parte do concesionario fíxase na cantidade de 5000 €/ anual. Independentemente do nivel do uso do servizo, o canon actualizarase anualmente, o 85 % do Índice Xeral de Prezos ao Consumo (IPC) a nivel estatal. O tipo mínimo de canon global deberá engadirse o Imposto sobre o Valor Engadido aplicable en cada momento. Tipo do IVE actual 21%. O pago do canon realizarase en dous prazos, o 50% do total do canon deberá ingresarse nas contas bancarias do concello nos quince primeiros días dende a sinatura do contrato, previa emisión da factura correspondente por parte do concello e o outro 50% do total do canon ós seis meses seguintes. En caso de demora no pago do prezo , percibiranse intereses de demora. O falta de pagamento do canon anual ó remate do ano natural, será causa de resolución do contrato e incautación da garantía definitiva. **CLÁUSULA CUARTA. Duración do contrato.** A duración do contrato de xestión do servizo públicos de xestión da casa de turismo rural mediante a modalidade de concesión, será de catro anos. Podendo ser obxecto de prorroga por dous anos máis. **CLÁUSULA SEXTA. Acreditación de la aptitude para contratar .** Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. **A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:**a) A capacidade de obrar dos empresarios que sexan persoas xurídicas, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Cando se trae de persoas físicas deberá presentar fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúan b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados

membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación. c) Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular no ámbito territorial da cal radique o domicilio da empresa. A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do TRLCS, poderá realizarse:a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado. b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial. **3.A solvencia do empresario.3.1 A solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse a través do seguinte medio: a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.3,2 Nos contratos de xestión de servizos públicos, **a solvencia técnica ou profesional** dos empresarios deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que poderá acreditarse, segundo o obxecto do contrato, por un ou varios dos medios seguintes: a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante un certificado expedido por este, ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificación serán comunicadas directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato que teñan relación co obxecto do contrato. Con carácter obrigatoria o empresario deberá indicar os medios persoais e materiais que dedicará a execución do contrato.

CLÁUSULA SÉTIMA. Presentación de Ofertas e Documentación Administrativa.

As ofertas presentaranse no Concello de Cerdido, en horario de atención ao público, no prazo de quince días naturais, a contar partir do día seguinte o que se publique o anuncio do contratación no boletín oficial da provincia de A Coruña. As ofertas poderán presentarse, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato. A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida neste polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibira a documentación, esta non será admitida. Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta. Tampouco poderá subscribir



Concello de Cerdido

(A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.es

ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas. A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas do presente Prego. As ofertas para tomar parte na negociación presentaranse en **tres sobres pechados**, asinados polo candidato e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Oferta para a contratación da xestión do servizo público da casa de turismo rural. A denominación dos sobres é a seguinte: Sobre «A»: Documentación Administrativa. Sobre «B»: Documentación Técnica. Sobre C: Oferta económica. Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor. Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada destes: **SOBRE A: Documentación administrativa:** a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario) Documentos que acrediten a representación. Os que comparezan ou asinen ofertas en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, verificado pola Secretaria da Corporación. Se o candidato fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente. Igualmente a persoa con poder verificado para os efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade. c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do TRLCSP. Esta declaración incluírá a manifestación de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación do contrato, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. d) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. e) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao candidato. **Sobre B: Documentación técnica:** b) Documentos que permitan ó órgano de contratación valorar as condicións das ofertas segundo os criterios de adxudicación. Memoria de xestión onde obrigatoriamente deberá concretarse as tarifas que se lle vai a cobrar os usuarios da casa de turismo rural. Os empresarios deberán indicar que documentación ou información consideran confidencial polo que o órgano de contratación non poderá difundir a información que na oferta se estableza como confidencial. O Contratista deberá respectar o carácter confidencial de toda aquela información á que teña acceso por mor da execución do contrato, ou a que houbera tido acceso. **Sobre C: Oferta económica. Presentase conforme ao seguinte modelo:** «D/ D^a. _____, con enderezo para os efectos de notificacións en _____, rúa _____, n.º _____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, coñecido o procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato de xestión do servizo público de casa de turismo rural mediante a modalidade de concesión, fago

constar que coñezo o prego que serve de base ao contrato e acéptoo integramente, comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato por canon de: _____ euros e _____ euros / anual mais correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido. En _____, a ___ de _____ de 20__o candidato/a


_____». **CLÁUSULA OITAVA. Criterios de adxudicación** Para a valoración das ofertas e a determinación da oferta oferta economicamente máis vantaxosa se atenderá a varios aspectos. — **Canon a abonar polo contratista.** Valorarase con maior puntuación aquel que ofrezca un maio canon. Poderase atribuír ata 10 puntos . A puntuación realizarase en función da seguinte fórmula: —

$$\text{—} \quad \text{PX} = \frac{\text{Canon da oferta estudada}}{\text{Mellor canon proposto}} \times 10$$

As ofertas que baixen do prezo de licitación sinalado polo Concello serán rexeitadas. **Memoria de xestión** , onde se valorará os prezos do servizo , programa de mantemento das instalacións, programa de servizos ofertados, actividades complementarias a ofrecer os usuarios da casa de turismo rural, por boas prácticas medioambientais na xestión , programa de investimentos etc ata 8 puntos.

CLÁUSULA NOVENA. Prerrogativas de la Administración. O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP, ostenta as seguintes prerrogativas:a) Interpretación do contrato. b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento) Modificación do contrato por razóns de interese público. d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta. **CLÁUSULA DECIMA. APERTURA DE OFERTAS.** Nos procedementos ordinario, a apertura das ofertas deberá efectuarse no prazo máximo dun mes contado dende a data de finalización do prazo para presentar as mesmas. A mesa de contratación procederá á cualificación da documentación presentada. Nos casos de defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e apertura de sobres de referencias técnicas, a Mesa de Contratación terá en conta ó disposto nos art. 160 de TRLCSP, e 22 e 27 do Real Decreto 817/2009 do 8 de maio, pola que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007. Realizadas ás actuacións anteriores, procederase a apertura sobre sobre b podendo, nese momento, solicitar os informes técnicos que considere precisos procedendo a puntuación da memoria. Unha vez acordada dita puntuación procederase a apertura da oferta económica en acto público, indicándose a súa data no Taboleiro de anuncios do concello. A mesa de contratación, propondrá ó órgano de contratación a clasificación das ofertas, por orden decrecente. A Administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, sen atender necesariamente ao valor económico desta, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente Prego. A composición da mesa de contratación foi publicado no Boletín da provincia do 19/07/2011

CLÁUSULA UNDÉCIMA. GARANTÍA DEFINITIVA Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación requirirase o licitador que tivese presentado a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte aquel en que tivese recibido o requirimento, presente:a) A documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso. b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluída o imposto sobre o Valor



Concello de Cerdido


(A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.es

Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TR.LCSP Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban surtir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan. b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España que deberá depositarse nos establecementos sinalados, na letra a) anterior) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior. A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprira satisfactoriamente o contrato. Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do TR.LCSP . De non se cumprimentar axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas. Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 60.2.d e 61.2.e do TR.LCSP. **CLAÚSUIA DUODÉCIMA. ADXUDICACIÓN** O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante. **CLAÚSUIA DECIMOTERCERA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.** A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos dez días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adxudicación ; constituíndo o devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. **CLAÚSUIA DECIMOCUARTA. DEREITOS E OBRIGAS** **Obrigas do Contratista.** Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes: 1 Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir aos particulares o dereito a utilizalo nas condicións que fosen establecidas e mediante o abono, se é o caso, da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas.2 Coidar a boa orde do servizo, podendo ditar as oportunas instrucións, sen prexuízo dos poderes de policía atribuídos á administración.3 Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o ano sexa producido por causas imputables á Administración.4 Respectar o principio de non discriminación por razón de nacionalidade, respecto das empresas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, nos contratos de subministración consecuencia do de xestión de servizos públicos.5 Percibir dos usuarios do servizo as tarifas

aprobadas pola Administración concedente pola xestión e explotación do servizo.6
Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais. 7
O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais abondos para iso e sinalados no prego de condicións técnicas así como na oferta presentada, esta obriga considérase esencial o abeiro do disposto no artigo 64,2 e 223, f do TRLCSP 8 O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do TRLCSP para os supostos de subcontratación.9
Gastos esixibles ao contratista. Son de conta do contratista calquera gastos que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen, asumindo por tanto os gastos de tributos, prezos, tarifas e demais gastos derivados da xestión (luz, auga , telefono, gas, recollida de lixo etc) así como o incremento do IVE que se produza durante a duración do contrato. 10 Calquera mellora que realice na instalación, correrá por conta do adxudicatario e será necesaria autorización escrita por parte do Concello, quedando en propiedade do Concello toda mellora realizada , non tendo o adxudicatario dereito a ningún tipo de indemnización pola súa realización

Obrigas da Administración.1 Poñer a disposición do contratista os medios necesarios para a prestación do servizo.2 Se a Administración non entregase os medios auxiliares a que se obrigou no contrato dentro dos prazos previstos neste e non procedese a resolución do contrato ou non a solicitase o contratista, este terá dereito ao interese de demora das cantidades ou valores económicos que aqueles signifiquen. **CLÁUSULA DECIMOQUINTA. Tarifas.**As tarifas que o concesionario haberá de percibir dos usuarios do servizo, deberán ser aprobadas polo órgano de contratación, antes da súa entrada en vigor. As devanditas tarifas teñen natureza de prezo privado, pola que o concesionario, nos termos do contrato cos usuarios, poderá cobralas e as reclamar xudicialmente en caso de non pagamento. Estas tarifas fíxanse inicialmente da forma seguinte: Os candidatos, nas súas ofertas, determinarán as tarifas que consideran retributivas do seu traballo. Vincularán á empresa oferente e rexerán ou permanecerán en vigor ata que finalice o exercicio no que tivera comezo efectivo a explotación do servizo. Nestas considerarase incluído o IVE, así como calquera outro tributo ou gravame..As tarifas deberán ser autosuficientes para o financiamento do servizo. Polo tanto, o equilibrio económico da concesión, que se debe manter durante a vixencia desta,, a revisión das tarifas executarase o día 1 de xaneiro de cada ano incrementándose segundo o IPC do ano anterior publicado polo INE ou fórmula de revisión proposta polo contratista na súa oferta. A fórmula de revisión que formule o adxudicatario deberá ser allea a cal sexa o custo real do servizo ou os ingresos, os cales poden obedecer a mala xestión do concesionario **DECIMOSEXTA:Revisión de Tarifas. A) Revisión ordinaria:**Vencido o primeiro exercicio de vixencia do contrato revisaranse as tarifas a percibir dos usuarios; tendo dereito nos exercicios sucesivos a unha única revisión anual, de acordo coas variacións que experimente o IPC estatal, ou fórmula de revisión proposta polo contratista na súa oferta.. Os prezos unitarios incluídos na oferta do concesionario revisaranse así mesmo ao termo do primeiro exercicio de vixencia conforme ao IPC de ámbito nacional, nas mesmas condicións establecidas anteriormente. **B) Revisión extraordinaria. Cando** por parte do adxudicatario se estimase que existiu unha ruptura do equilibrio financeiro do contrato, pola aparición de circunstancias sobrevidas e imprevisibles, deberá presentarse un estudo|estudo económico que as acredite, así como a súa alteración e as medidas a adoptar para a súa restauración. O devandito documento someterase a informe e



Concello de Cerdido

(A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.es

consideración do Concello, que terá en conta A finalidade do devandito trámite administrativo é a de estudar, detidamente, se nos achamos ante un suposto de variación nos considerados gastos ordinarios, ou, se pola contra, queda plenamente acreditada a aparición das denominadas circunstancias sobrevidas e imprevisibles. **CLÁUSULA DECIMO SÉTIMA: Reversión. Cando** finalice o prazo contractual, o servizo reverterá a Administración, debendo o contratista entregar as obras e instalacións a que estea obrigado conforme ao contrato e no estado de conservación e funcionamento axeitados. A Administración non abonará o contratista ningunha obra, ou instalación, que houbera realizado na casa ou nas instalacións ou na finca. Durante un período dun mes anterior á reversión, o Concello adoptará as disposicións encamiñadas a que a entrega dos bens se verifique nas condicións convidadas. **CLÁUSULA DECIMO OITAVA:** O contratista está obrigado a organizar e prestar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e dentro dos prazos sinalados neste, En todo caso, a Administración conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos de que se trate. **CLÁUSULA DECIMO NOVENA** Modificación del Contrato e Mantemento del Equilibrio Económico. A Administración poderá modificar por razóns de interese público as características do servizo contratado e as tarifas que han de ser aboadas polos usuarios Cando as modificacións afecten ao réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensar o contratista de maneira que se manteña o equilibrio económico do contrato. Non procederá tal compensación, no caso de que os acordos que dite a Administración respecto ao desenvolvemento do servizo carezan de transcendencia económica. A Administración deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio de calquera das partes nos seguintes supostos: a) Cando a Administración modifique, por razóns de interese público, as características do servizo (contratación) Cando actuacións da Administración determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato) Cando causas de forza maior determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato, entendéndose por «forza maior» o disposto no artigo 231 do TRLCSP. O restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante medidas que poderán consistir nas modificacións das tarifas a boar polos usuarios, a redución do prazo do contrato, e en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico do contrato. Para os casos de forza maior e de actuacións da administración que determinen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato poderá prorrogarse o prazo do contrato por un período que non exceda de un 10 por cento da súa duración inicial, respectando los límites máximos de duración previstos legalmente. As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ó disposto no artigo 156 do TRLCSP. **CLÁUSULA VIXESIMO. Incumplimento e Penalidades.** Se do incumplimento por parte do contratista se derivase perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo público e a Administración non decidise a resolución do contrato, poderá acordar a súa intervención ata que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberá aboar á Administración os danos e prexuízos que efectivamente lle haxa irrogado. Se o incumplimento é considerado como moi grave e atendendo á súa condición de deber esencial tal e como se establece na cláusula relativa ás obrigas e dereitos, poderá dar lugar á resolución do contrato.


As penalidades imponerse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato se se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas, entre outros medios, sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse

En caso de incumprimento das súas obrigas, salvo en caso de forza maior, o concesionario poderá ser sancionado polo concello de Cerdido. Serán feitos que determinen a aplicación dunha penalización leve, os seguintes:- A non entrega ou atraso nesta das informacións que estea obrigado a subministrar ó adxudicatario ou que sexan regulamentariamente esixibles.- Os leves descoidos ou omisións de colaboración coa Administración sen transcendencia para a correcta xestión.- Aquelas accións e comisións non cualificadas como infraccións graves ou moi graves, que non afectando desfavorablemente á calidade, cantidade e tempo da prestación do servizo non sexan debidas a actuación maliciosa do adxudicatario, non comporten perigo para persoas ou cousas, nin reduzan a vida económica dos compoñentes das instalacións, nin causen molestias ós usuarios. Serán feitos que determinen a aplicación dunha penalización grave, os seguintes:- A infracción de condicións establecidas por disposicións legais ou regulamentarias ou polo presente Prego e o incumprimento das obrigas xerais do adxudicatario que neste se contemplen.- Peche das instalacións durante o período en que deben permanecer abertas ó público acordo co establecido neste Prego por un ou máis días.- Calquera acción ou omisión do concesionario ou dos seus traballadores que implique un risco evidente para os usuarios do servizo, así como aquelas que produzan danos ós mesmo ou ó medio.- As accións ou omisións que alteren de forma notoria a regularidade do mantemento ou conservación das instalacións, así como o incumprimento das instrucións ditadas polo Concello achega da devandita conservación.- Destinar ás instalacións a uso distinto do que supón a prestación normal do servizo sen autorización do concello de Cerdido.- O incumprimento reiterado das directrices dadas polo Concello de Cerdido a través do técnico habilitado para a inspección das instalacións e realización da actividade.- A negativa inxustificada a prestar o servizo a calquera usuario das instalacións, segundo ó establecido neste Prego.

- A reiteración por cinco veces nunha falta leve. A acumulación de tres infraccións graves poderá ser sancionada coa extinción do contrato. Serán feitos que determinen a aplicación dunha penalización moi grave, os seguintes:- A falta de pagamento do canón establecido a favor do concello de Cerdido.- A alteración das tarifas de prezos nos produtos, actividades ou servizos ofertados, sen o consentimento previo do concello de Cerdido.- A comisión de feitos constitutivos de penalización grave de forma reiterada. Considerarase reiteración cando o mesmo feito constitutivo de penalización grave cométese máis de dúas veces nun prazo de seis meses.- As actuacións do concesionario, que por acción ou omisión xeren riscos de carácter grave ás persoas, os seus bens ou ó medio.-A non suxeición da explotación, do seu funcionamento ou da súa conservación e mantemento ás condicións establecidas neste contrato.

2. RÉXIME DE PENALIZACIÓNS.O órgano de contratación do concello de Cerdido determinará a aplicación das penalizacións correspondentes, logo de audiencia do adxudicatario, de acordo coa seguintes valoracións: Feitos que determinen a aplicación de **penalizacións leves**:- Penalizarase con cantidades de entre 150 e 300 euros por cada día que a produzan. Feitos que determinen a aplicación de **penalizacións graves**:- Penalizarase con cantidades de entre 300 e 1200 euros por cada día en que a produzan. Feitos que determinen a aplicación de **penalizacións moi graves**: Penalizarase con cantidades entre 1200 e 3000 euros por cada día en que a produzan.

3. REVISIÓN DA CONTÍA ECONÓMICA DAS SANCIÓN:O importe das sancións de carácter económico



Concello de Cerdido

(A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido

Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.es

contemplados na presente cláusula, poderá ser revisado polo Concello de Cerdido non podendo superar o aumento que realice na contía das devanditas sancións da cantidade que en cada caso resulte de aplicar, ás que en aquel momento áchense en vigor, a porcentaxe máxima que neste período de tempo aumentase o índice xeral do custo da vida.(IPC a nivel nacional). **4. PROCEDIMENTO:**Toda infracción dará lugar a un expediente no que se dará audiencia ó adxudicatario. A aplicación e o pagamento das devanditas penalidades non exclúen a indemnización a que a Corporación poida ter dereito por danos e prexuízos ocasionados con motivo do incumprimento. Así mesmo, a comisión dun feito constitutivo de penalización moi grave poderá levar aparelhada a proposta de resolución do contrato. **CLÁUSULA VIXESIMO PRIMEIRA**

Resolución del Contrato. A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego; nos fixados nos artigos 223, con excepción dos supostos contemplados nas súas letras e) e nos establecidos no artigo 286 do TRLCAP. Os efectos do establecido no punto f) do artigo 286 , así como os outros efectos que estableza o TRLCSP, considerase obrigacións contractuais esenciais as seguintes:
1 O pago do canón establecido a favor do concello de Cerdido.2 Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir aos particulares o dereito a utilizalo nas condicións que fosen establecidas e mediante o abono, se é o caso, da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas.3 O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais abondos para iso e sinalados no prego de condicións técnicas así como na oferta presentada. Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.


CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Réxime Xurídico do Contrato. Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación no TRLCSP e demais normativa que o desenvolva así como o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña á TRLCSP, suplementariamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do TRLCSP.

PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DA CASA DE TURISMO RURAL DA FINCA CABANEIRO**OBXECTO:** E obxecto deste contrato administrativo é a concesión administrativa para a xestión da casa do Cabaneiro, para dedicala a turismo rural ó abeiro do establecido no artigo 172 do Texto refundido da lei de contratos do sector publico, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro (TRLCSP). O servizo consistirá no propio dunha casa de turismo rural, con servizo de, polo menos, aloxamento e almorzo durante ó menos once meses ó ano, sendo obrigatorios os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, de conformidade ó establecido no Decreto 267/ 1999, de 30 de setembro polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros e o Decreto 191/ 2004 de 29 de xullo, de establecementos de turismo rural (Decreto 191/29004) e demais normativa aplicable. A casa do Cabaneiro foi clasificada como grupo b (exp. nº AG

037-C-2003 Dirección xeral de Turismo). A superficie do edificio principal é de 234 metros cadrados, con planta baixa, primeiro piso e baixo cuberta onde se sitúan cinco habitacións, unha adaptada a persoas con mobilidade reducida, unha zona de estar-recepción na planta baixa cunha lareira e unha zona de estar na planta baixo cuberta. A outra edificación consta de 71 metros cadrados onde esta situado o comedor, cocíña, almacén e aseos adaptados a persoas con mobilidade reducida. Ver planos anexo

1.Obrigacións do concesionario: O concesionario estará obrigado con carácter xeral ó disposto no artigo 280 do TRLSP e con carácter específico:1. Prestar o servizo segundo os presentes pregos, así como no proxecto presentado polo adxudicatario e conforme as directrices impostas polos servizos municipais e a normativa sectorial de aplicación e segundo o establece o Decreto 191/2004. Queda prohibida e será nula a cesión, subarrendo ou traspaso total ou parcial da explotación e locais obxecto deste contrato.

2. Con carácter previo a iniciación da prestación do servizo, asinarase unha **acta de inventario** de equipamentos, instalacións, mobiliario e cantos aparellos se poña a disposición da empresa adxudicataria, onde se reflectirá o seu estado de funcionalidade, prestando se así a estima a súa conformidade a isto. De non atoparse conforme, recollerase na acta e o concello estará obrigado a poñer os equipos e instalacións en estado operativo. De igual xeito, no momento da resolución do contrato procederase a levantar a acta, estando a empresa adxudicataria a repoñer e deixar en perfectas condicións de uso, cantos bens e instalacións foron postas na súa disposición ó inicio da prestación do servizo, en caso contrario o concello procederá ás reparacións necesarias ou reposicións necesaria con cargo á garantía.3. O adxudicatario obrígase a ter en pleno funcionamento as instalacións da casa de turismo rural no prazo máximo de dous meses, a contar dende a data da sinatura do contrato, destinando as instalacións exclusivamente ó uso pactado, comprometéndose a realizar cantas reparacións sexan necesarias, respondendo mesmo das deterioracións producidas polos usuarios. O servizo prestarase nas condicións establecidas neste prego e nas ofertas presentadas tendo que manter os prezos sinalados na oferta polo período dun ano, podendo proceder o seu incremento logo da autorización do concello.. A execución do contrato realizarse a risco e ventura do adxudicatario e non terá dereito a ningunha indemnización por causas de avarías, perdas ou prexuízos ocasionados na explotación das instalacións, tampouco terá dereito a indemnización algunha por cumprirse o prazo de vixencia do contrato 5. O adxudicatario non poderá modificar ás instalacións actualmente existentes, nin facer ningunha obra dentro delas, sen autorización da alcaldía do concello. Con autorización expresa e por escrito poderá realizar aquelas modificacións que considere necesarios ou lle demanden outros organismos para mellorar ou actualizar o servizo.6. O Mobiliario, que no seu caso achegue o adxudicatario, deberá reunir, a xuízo do concello, ás condicións correspondentes ó servizo.7. O Adxudicatario estará obrigado a tramitar cantas licenzas, autorizacións ou permisos sexan necesarias para a posta en funcionamento da actividade en especial perante a administración turística competente, e deberá prestar periodicamente os correspondentes recibos que acredite o pagamento da póliza de seguro ofertada. Ase mesmo deberá realizar as inspeccións periódicas das instalacións eléctricas, de prevención de incendios e outras instalacións ou equipos dos edificios que así determine a lexislación vixente. 8. O Adxudicatario deberá ter a parcela anexa á casa de turismo rural limpa e desbrozada podendo facer uso dela, sen que poda facer ningunha obra ou ter instalación de carácter permanente sen a autorización municipal.9. O adxudicataria esta obrigado a conservar en perfectas condicións os locais, instalacións, mobles e aparellos de propiedade do concello que se



Concello de Cerdido


(A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.es

poñen na súa disposición, sendo da súa conta cantas reparacións a efectúen, así mesmo deberá aboar os danos que se observen no remate do contrato e excedan da deterioración normal derivada dun uso coidadoso. Sendo da súa conta os gastos de limpeza e conservación do local, mobiliario e instalacións, así como a reposición dos elementos que queden inservibles. O adxudicatario está obrigado a realizar o programa de desinfección e desratización establecido na súa oferta.10. O concello reservase facultade de inspeccionar o estado de conservación das instalacións para comprobar a efectividade das operacións de mantemento. Se estas non se realizasen ou foran deficientes, poderá ordenar a súa execución a cargo do contratista. A falta de conservación axeitada será causa de resolución do contrato, para estes efectos nomearase un representante da corporación para que, previos os informes pertinentes, dítense cantas disposicións estime oportunas ó órgano de contratación, para o estrico cumpro do contrato.11. Serán de conta do contratista os gastos dos anuncios oficiais e en prensa derivados da licitación e cantos outros se esixan legalmente.12. Serán de conta do adxudicatario o pagamento dos impostos, taxas e demais tributos de calquera clase que dea lugar a explotación do servizo, especialmente ó pagamento do imposto sobre o valor engadido. Así mesmo serán da súa conta tódolos gastos nos que incorra a casa de turismo rural, luz, auga etc13. Con carácter anual o concesionario deberá presentar a seguinte documentación ó concello:A- Memoria das actuacións realizadas, servizos ofertados, nivel de ocupación e informe de satisfacción e opinión dous usuarios. B.- Proposta de actuacións de conservación e plan de investimento anual que ira a realizar. C.- Recibo que acredite o pago anual do seguro de responsabilidade civil.14. O concesionario deberá subscribir unha póliza de responsabilidade civil que cubra os riscos por unha contía mínima que determine o artigo 35 do Decreto 191 / 2004, de 29 de xullo ou a normativa que así o determine. Así mesmo o concesionario deberá contratar un seguro multirisco cuxa contía será sinalada na oferta e nunca inferior de 300.000 € para o continente e de 100.000 € para o contido que garanta como mínimo riscos de incendios, actos de vandalismo etc. No caso de que o importe dos danos ocasionados foran superiores os capitais asegurados, e existira culpa ou negligencia do persoal a cargo do concesionario, a diferenza sería sempre por conta do concesionario.15. O concesionario deberá colaborar co concello en materia de turismo e programas de lecer.16. O concesionario deberá aplicar os medios persoais e técnicos comprometidos na proposta realizada, asumindo os gastos derivados do seu persoal, así como todas as responsabilidades que xere, que en ningún caso se entenderá persoal municipal.17. O Adxudicatario deberá respectar o establecido na Lei orgánica 15/1999 sobre regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento en relación ós usuarios do servizo.**10. DEREITOS E OBRIGAS DA ADMINISTRACIÓN.**1. A Administración poderá modificar, por razóns de interese público as características do servizo contratado, nas condicións e supostos establecidos nos artigos, 70, 117 e 179 do TRLCSP demais normativa a aplicar.2. Cando por causas imputables ó contratista, non se puidera formalizar o contrato dentro do prazo sinalado neste prego, resolverase este con perda da garantía e indemnización de danos e prexuízos ocasionados, podéndose adxudicar ó licitador seguinte a aquel, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario. A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste

prego e nos fixados no artigo 223 e 286 do TRLCSP nas condicións e cos efectos establecidos no TRLCSP e demais normativa aplicable. O órgano de contratación ostentará a prerrogativa de interpretar os contratos administrativas e de resolver ás dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.3. Fiscalizar a xestión do concesionario, podendo para tal efecto inspeccionar o servizo, e establecer as ordes para manter ou restablecer a debida prestación dos servizos do servizo. Os prezos do servizo serán os ofertados polo concesionario. Con carácter anual poderán ser revisados previa aprobación por parte do órgano de contratación do concello. Os prezos deberán gozar da máxima publicidade dentro do establecemento. Debendo emitir a correspondente factura os usuarios do inventario Casa do Cabaneiro será entregada totalmente restaurada e co seguinte mobiliario:

DESCRICIÓN	CANTIDADE	ESTADO
Mobiliario e aparellos		
Mesa Corral&corral 80x150	3	bo
Mesa Corral&corral 80x80	2	bo
Lámpara lectura TMM	2	bo
Leñeiro aceiro	2	bo
Sillóns Torres Clavé	2	bo
Sofá-cama Sliper 75	1	bo
Cama 150x190 con mesillas e cabeceiro	4	bo
Cama 135x190 con mesillas e cabeceiro	1	bo
Cadeira mod 174	25	bo
Mamparas das duchas	4	bo
Accesorios de baño, escobillero, papelera, metálico	6 unidades	bo
Dosificador de xabón, estantería metálica esquina	5 unidades	
Tallo metálico para baño adaptado	1 unidade	bo
Instalación de protección		
Extintor de Po ABC homologado 6 kg, con cartel sinalizador	3	bo
Instalación de calefacción		
Estufa de leña modelo Scan 30 acabada en acero Color negro	1	bo



Concello de Cerdido

(A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.es

Estufa de leña tipo Wamsler Jupiter color negro	1	bo
Radiadores atlantic mod snaghai	11	bo
Cociña totalmente amoblada con encimera e fregadeiro e con os seguintes electrodomésticos		
Placa vitrocerámica	1	
Cambota extractora	1	
Forno	1	

Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron esta proposta. Cinco votos a favor dos concelleiros, Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro e o voto da Sra. Alcaldesa. Tres abstencións dos concelleiros Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago, Álvaro Rodríguez Graña e Roberto Oscar López López.

A **alcaldesa** explica que a casa de turismo rural esta baleira, polo que de cara a nova temporada é necesario aprobar un novo procedemento para seleccionar un novo contratista.

O **concelleiro Benigno Galego Castro** afirma que lle parece pouco o prazo para presentar as ofertas e propón a súa ampliación a vinte días, engade que lle parece pouca a garantía que ten que prestar o contratista.


O **concelleiro Roberto Oscar López López** engade que no mercado non hai un futuro moi bo para o turismo rural e entende que se a xestión se realizara dende o concello, a casa iría mellor e pensa que nos anteriores xestores faltoulles, ente outras cousas, darlle máis publicidade .

O **concelleiro Cándido Prieto Lago**, afirma que dende o Concello tampouco se lle da moito pulo o turismo dado que o panel informativo esta estragado, o sendeiro peonil esta cheo de silvas e a páxina web é moi básica.

6 DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA. A secretaria leu a seguinte relación de decretos:

Nº	Data	Descrición
Agosto 2012		
155	27/08/2012	Contratación dun peón para mantemento das áreas naturais
155b	29/08/2012	Autorización para a celebración das festas do Rosario
156	29/08/2012	Autorización para pechar unha vía durante a celebración das festas do Rosario

157	29/08/2012	Aprobación de facturas de nº 317 a nº 340
158	29/08/2012	Alta no padrón municipal de habitantes en Porto
159	30/08/2012	Aprobación da certificación de obra Camiño Panceira a Cabanas e aprobar a liquidación da taxa por servizos de dirección de obra e coordinación por seguridade e hixiene no traballo.
160	31/08/2012	Aprobación da certificación de obra Camiño en Carracedo (Pita Graña a Fercoi) e outro e aprobar a liquidación da taxa por servizos de dirección de obra e coordinación por seguridade e hixiene no traballo.
Setembro 2012		
161	03/09/2012	Nomeamento de substituto do Xulgado de Paz por vacacións do titular
162	05/09/2012	Alta no padrón municipal de habitantes en Freís
163	06/09/2012	Licenza de obras 2011/008/000006 para cambiar tellado en Casaldegonce.
164	06/09/2012	Autorización a Airiños dos Carrís para usar os dous locais do Castro para ensaiar
165	07/09/2012	Autorización a U.D. Cebarca para usar o pavillón e a megafonía municipal
166	12/09/2012	Autorización para a celebración das festas de Dolores
167	12/09/2012	Autorización para pechar unha vía durante a celebración das festas de Dolores
168	13/09/2012	Revisión do prezo do alugueiro do 2º piso da vivenda municipal de Felgosas.
169	14/09/2012	Aprobación do expediente de modificación de crédito 05/12 para xeración de crédito en relación a construción de nave nos Casás.
170	17/09/2012	Convocatoria de sesión extraordinaria do pleno por eleccións autonómicas
171	20/09/2012	Delegación da alcaldía en Juan José Ramos Prieto
172	20/09/2012	Ampliación do contrato laboral de Rita Fraga Orjales
173	20/09/2012	Acordo de non prorrogación da cesión do 3º piso da vivenda municipal de Felgosas
174	24/09/2012	Aprobación de facturas de nº 341 ao nº 375
175	25/09/2012	Acordo para cumprir varios requisitos en relación co programa Emprego Xunta-Deputación da Coruña 2012
Outubro 2012		
176	01/10/2012	Autorización de uso dun local de Avispeira á asociación Arumes do Castro
177	01/10/2012	Autorización de uso dun local do Castro á asociación Arumes do Castro
178	02/10/2012	Alta no padrón municipal de habitantes en Rego da Madeira
179	02/10/2012	Alta no padrón municipal de habitantes en Cuqueira
180	04/10/2012	Aprobación da certificación da obra Camiño Cruz do Novás- A Pena- Casavide e aprobar a liquidación da taxa por servizos de dirección de obra e coordinación por seguridade e hixiene no traballo.
181	04/10/2012	Aprobación da certificación da obra Saneamento en Calmourel a Rego da Madeira e outros e aprobar a liquidación da taxa por servizos de dirección de obra e coordinación por seguridade e hixiene no traballo.
182	04/10/2012	Concesión de licenza de obra nº 2012/U009/000007
183	04/10/2012	Inicio do procedemento de revogación de licenzas de autotaxi tipo B
184	04/10/2012	Autorización de uso dun local de Avispeira a asociación Promacer
185	04/10/2012	Autorización de uso dun local de Avispeira a asociación de mulleres Albar Quercus



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.es

186	04/10/2012	Autorización de uso dun local de Avispeira a asociación Airiños dos Carrís
187	04/10/2012	Alta no padrón municipal de habitantes en Casavella
188	05/10/2012	Aprobación do padrón de contribuíntes do 2º trimestre da taxa polo servizo de axuda no fogar
189	05/10/2012	Autorización para a celebración das festas do Pilar
190	05/10/2012	Autorización para pechar unha vía durante a celebración das festas do Pilar
191	08/10/2012	Alta no padrón municipal de habitantes en Vilarelle
192	09/10/2012	Concesión da licenza de obra nº 2012/U009/000014
193	09/10/2012	Concesión da licenza de obra nº 2012/U009/000012
194	11/10/2012	Alta no padrón municipal de habitantes en Freis
195	15/10/2012	Modificación do decreto 177 de autorización de uso dun local do castro a Arumes
196	16/10/2012	Acordo de revogación da delegación de competencias no Tenente Alcalde
197	18/10/2012	Convocatoria da mesa de contratación do expediente da obra nave dos Casás
198	22/10/2012	Alta no padrón municipal de habitantes en Lubeira
199	23/10/2012	Autorización de uso da casa da cultura a grupo municipal do PsdeG-PSOE
200	23/10/2012	Autorización de uso do pavillón a particular para celebración de festa infantil
201	24/10/2012	Convocatoria de pleno ordinario

O concelleiro Benigno Galego Castro pregunta sobre o contido dos seguintes decretos:

Núm. 169 A alcaldesa explica que é unha modificación de crédito para incrementar a aportación da Deputación na obra de almacén nos Casás

Núm. 175 A alcaldesa explica que a Deputación contratará a catro persoas de Cerdido para realizar labores de limpeza na Fraga da Xaneira e para reparar o galpón que están preto no colexio. Os compromisos que debíamos asumir son de deixarlles un lugar para cambiarse e ter as ferramentas.

Núm. 155 A alcaldesa explica que é un peón dentro do programa de cooperación da Consellería de Traballo e Benestar

Núm. 182 solicita que se poña o lugar onde se realizan as obras. A alcaldesa engade que debeu ser un erro, no momento de realizar a relación de Decretos.

8. - MOCÍONS DE URXENCIA. A Alcaldesa presenta unha moción para emendar uns erros números no acordo do pleno anterior sobre a aprobación do plan da Deputación de obras e gastos ordinarios. **Todos os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior. A secretaria leu a proposta da Alcaldía seguinte:**

Logo da comunicación por parte da Deputación provincial da existencia de varios erros numéricos no acordo de aprobación do PLAN: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS (DTC 94) e tendo en conta o disposto no artigo 105 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común esta alcaldía acorda emendar o erro polo que queda redactado os cadros a) e d) o acordo do seguinte xeito: Obras e subministracións:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Reparación saneamento en Regueirolongo – A Barrosa Os Freis e reparación de pluviais en A Barrosa – Os Freis	64.935,11 €	0,00 €	64.935,11 €
TOTAL	64.935,11 €	0,00 €	64.935,11 €


D) Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS	64.935,11 €	0,00 €	0,00 €	64.935,11 €
SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS	11.974,80 €	0,00 €	17.997,20 €	29.972,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	45.701,89 €	34.202,16 €	68.095,95 €	148.000,00 €
TOTAL	122.611,80 €	34.202,16 €	86.093,15 €	242.907,11 €

Cerdido, 31 de outubro de 2012. A alcaldesa. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior.**

7 DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DO PRAZO PREVISTO DE PAGO DAS OBRIGAS O ABEIRO DA LEI 15/2012. TERCEIRO TRIMESTRE 2012. A secretaria leu o seguinte informe, dándose por enterados todos os membros do Pleno.

-Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo.- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto Refundido da lei de facendas locais.-Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público. (TRLCSP)



Concello de Cerdido

(A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
 Tlf. 981411000 Fax 981411027
 www.cerdido.org / correo@cerdido.es

II.- CONSIDERACIÓNS

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º. 3 e 5º. 4, en canto á obrigatoriedade de informar sobre o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pagamento das obrigas, que se concretan no art.1º.3 e o artigo 3º. 3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe: O prazo no que as administracións teñen a obriga de abonar o prezos da obrigas, ben recollido no artigo 216 do TRLCSP e na súa disposición transitoria sexta o establecer que:

O prazo de trinta días a que se refire o apartado 4 do artigo 216 desta Lei, aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2013.

Dende a entrada en vigor desta Lei e o 31 de decembro de 2011, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 216 será dentro dos cincuenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 216 será dentro dos **corenta días** seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato

III.- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Que da execución presupostaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 01/07/2012 e 30/09/2012 (terceiro trimestre do 2012) se obtén a seguinte información:

1 Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre

Pagos realizados no trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados no Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	10,25	0	130	78094,45	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos	10,25	0	130	78094,45	0	0,00
20- Arrendamentos e Canons	0	0	0	0,00	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	11,05	0	33	10690,56	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	10,12	0	113	67403,89	0	0,00

23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0,00	0	0	0,00	0	0,00
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0	0,00	0	0,00
2 - Sen desagregar	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	17,09	0	2	10347,42	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)	17,09	0	2	10347,42	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0,00
Outros Pagos realizados por operacións comerciais		0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a presuposto		0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto		0	0	0,00	0	0,00
Sin desagregar		0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a presuposto		0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto		0	0	0,00	0	v
Total	11,05	0	135	88,441,87	0	0


2 Intereses de demora pagados no período: Ningún. Que respecto á información relativa ao número e importe de obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo de pagamento legalmente establecido se resume nos cadros seguintes: **Ningunha.**
3 Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.(artigo4.3dalei15/2010).Ningunha

4)Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5º. 4 Lei 15/2010): **Ningunha.** **III.- CONCLUSIÓN** É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:
- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.
- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no artigo 5º. 4 da Lei 15/2010.
Cerdido, a dezaseis de outubro de dous mil doce
O tesoureiro A secretaria-interventora

9 ROGOS E PREGUNTAS.

O concelleiro Roberto Oscar López López, fai os seguintes rogos.

Solicita da alcaldía que se retome o tema para elaborar unha normativa de usos da vía pública e traballos forestais posto que no Carballal estiveron facéndose traballos forestais enriba da pista e agora que os traballos forestais os realizan empresas de fora



Concello de Cerdido

(A Coruña)

Felgosas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027
www.cerdido.org / correo@cerdido.es

do concello, non teñen moito coidade e deixar as vías en bo estado, solicitando que polo menos exista unhas normas mínimas.

A alcaldesa explica eu o problema é como se controla, xa que non hai policía local no concello.

2 Que se solucionen os problemas que hai coa auga pública en Penso, posto que moitas veces sae de cor branca, se houbera unha boca de rego no lugar estes problemas non pasarían.

3. Que se recorde os veciños, que os camiños son públicos aínda que este en desuso e que se deben respectar.

O concelleiro Benigno Galego Castro , fai as seguintes preguntas á Alcaldía:

1 Que vai a facer o Concello, respecto o camiño nos Casás, unha vez remitido á veciña o informe técnico onde se establece a existencia nun camiño? Pensa que o veciño non só quería sanear o camiño, senón tamén facer un pequeno aparcamento. Roga a alcaldía que cando haxa algunha reclamación dos veciños, estas se contesten en prazo.

A alcaldesa explica que no informe establece a existencia do camiño, pero non se sabe se é público ou é unha serventía, respecto os outros temas da reclamación da veciña non é certo que se movera o poste da luz e non se lle touco o ribazo, é certo que o veciño tiña leña no camiño e que botou cemento preto da casa, para que non lle viñera a auga.

2 Solicita que se amañe un tramo da estrada que está xunto a Igrexa da Barqueira.

3 Solicita que se amplíe o proxecto de obra de saneamento en Calmourel, para darlle este servizo a tres casas que quedan sen el.

A alcaldesa explica que nunha casa non viven nela e nas outras dúas lle dixeron que o saneamento non era prioritario.

4 Solicita información sobre a que se vai a dedicar a paga extra do persoal do Concello.

A alcaldesa explica que estes cartos non se poden meter noutras partidas.

5 Solicita que se proceda a revisar todas as pistas municipais e se proceda o seu rebacheo e indica que a pista de Soosloureiros esta en mal estado.

6 Reitera a solicitude para a remisión dos informes técnicos, xa solicitados noutros Plenos, sobre as obras denunciadas.

7 Solicita aclaración sobre o tema dos taxis.

A alcaldesa explica que se iniciou un procedemento de revogación das licenzas e neste momento esta en fase de audiencia aos interesados/as.

8 Solicita información sobre a normativa municipal sobre a saca de madeira. A alcaldesa explica que é complicado porque non hai persoal para controlar, en Ortigueira teñen un policía local dedicado só a isto.

O concelleiro Cándido Prieto Lago roga á Alcaldía para que solicite á Xunta de Galicia que amañe a marquesiña que hai en As Felgasas, en fronte do Concello.

E, non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión sendo as trece horas e dez minutos do día trinta e un de outubro de 2012. Do que eu como Secretaria dou fe:

A secretaria

Paula Díaz Tie

A alcaldesa

Ana Rodríguez Montero